

OS GRAFOS DO PAVILLÓN NOVO

1º «BALONCESTO»

Este grafo é un dos mellores, segundo a opinión dalgúns compañeiros. Empregouse nel un degradado azul-amarelo-azul, uns bordes laranxa, unhas sombras negras e uns brillos de cor branca. A súa elaboración foi bastante dificultosa porque:

- Posta a punto do autor despois dun tempo sen pintar.
- 1ª toma de contacto cos materiais.
- Moita xente que se amoreou para presenciar o espectáculo.



2º «FÚTBOL»

Un dos peores, segundo a miña opinión, xa que os materiais deixaron moito que desexar. A combinación de cores baseouse nun fondo amarelo con lunares laranxa, uns bordos-sombra vermellos, todo isto resaltado con negro e potenciado con brillos de cor branca.



Problemas: Houbo que ensanchar os bordos en negro posto que na primeira pasada escorregaron uns chorros de pintura pola parede e quedaban fatal.

3º «BÁDMINTON»

Bastante positiva a opinión dos compañeiros sobre este grafo, aínda que eu non quedei satisfeito de todo. Caracterízase pola súa simpleza, xa que está feito unicamente de cor verde, bordos negros e amarelos, e brillos en branco.

Problemas: O amarelo dos bordos non cubría ben o verde do fondo e houbo que aplicar negro por enriba.



4º «VOLEIBOL»

Para min o mellor, posto que tiven un axudante de excepción, Daniel Mella, o cal, aínda que non prestou moita axuda, si que influíu no bo "rollo" que alí se formou mentres se pintaba. Utilizouse o violeta e o azul para o fondo, laranxa como borde, e branco facendo de brillo.



5º «ACTIVIDADES NA NATUREZA»

Este graffiti serviu para contradicir as opinións que divulgaban que unha cousa tan grande non podía caber nun espazo tan pequeno. Neste graffiti intentouse aproveitar as cores que sobran dos demais grafos.

Problemas: Algúns sprays acabáronse antes do previsto.



AGRADECIMENTOS: A Manolo, o profesor de E.F., que moveu infinidade de fíos para que este proxecto se levase a cabo. Á Directiva do IES que non se opuxo a esta idea, aínda que parece bastante arriscada.